

## INTERESES COMÚNS

### En memoria de Luís Seoane

Desde o mítico "grand tour" que entre o século XVII e as primeiras décadas do XX promoveu o movemento por Europa de todos os mozos da burguesía, principalmente inglesa, pero tamén alemá, francesa, española, sueca e mesmo rusa, é incuestionable a incidencia da viaxe e do coñecemento doutras culturas no mundo da arte. O descoñecido propicia que o artista teña unha actitude máis receptiva, que acaba sendo un estímulo para a creatividade. As paisaxes, as comidas, os idiomas, as músicas e as idiosincrasias doutras persoas suscitan intereses novos que, sen dúbida, se reflicten na obra dos que tiveron esa experiencia.

Neste sentido, é oportuno lembrar como marcou a Gauguin a Polinesia porque, indubidablemente, sen o seu paso por estas illas, a súa obra non tería a audacia cromática e formal que a caracteriza. Outro caso paradigmático é o de Torres García, o artista uruguaio-catalán que tanto influíu no construtivismo universal no Cono Sur, que configurou a súa personalidade plástica entre Europa e América. Igualmente importante para a arte foi o descubrimento da arte negra que Picasso fixo en París, sen o cal a obra do artista malagueño non tería a forza expresiva que o define nin existirían obras como "As señoritas de Avignon". Hai que mencionar tamén o encontro de Joan Miró cos surrealistas da capital francesa durante

os anos da primeira guerra mundial, porque ese encontro fixo aparecer o mundo das constelacións e o léxico da plástica mironiana. Do mesmo xeito, podemos afirmar que se Isaac Díaz Pardo non chegase a ir á Arxentina, onde coincidiu con Luís Seoane, seguramente non xurdiría o Laboratorio de Formas do que se derivaría máis tarde a cerámica de Sargadelos.


Evidentemente, estoume referindo aos grandes artistas da historia da arte, pero eles non son os únicos que se beneficiaron dos intercambios, que resultan enriquecedores a todos os niveis, sobre todo cando os achados son bidireccionais. Por iso, nun mundo cada vez máis globalizado como o actual, no que impera a uniformización en detrimento da especialidade de cada lugar, o encontro que favorecen os concellos de Castell-Platja d'Aro e de Brión entre artistas empordaneses e da Armaia resulta positivo para todos os que buscan o sentido máis xenuíno da creación artística, máis aló das tendencias dominantes, os ditados do mercado e a mercadotecnia das feiras de arte, porque ao que dá prioridade este proxecto é ao encontro persoal, ao diálogo, á reflexión, ao intercambio de ideas, ao coñecemento mutuo entre uns artistas aos que se lles ofrece a posibilidade de convivir uns días para compartir experiencias profesionais.

Ao meu entender, ademais, este encontro ten un aspecto positivo porque rompe o esquema da España radial que considera que todo debe empezar ou confluír no quilómetro cero da madrileña Porta do Sol, un esquema que configurou as nosas estradas e os percorridos dos medios de comunicación, creando unha mentalidade centralizadora que non se corresponde coa realidade multicultural da Península Ibérica. Galicia e Cataluña son dous territorios situados xeograficamente nos extremos opostos do Estado que teñen vida propia e xustamente aquí radica o interese deste evento que establece pontes entre as culturas galega e catalá que enriquecen as entidades respectivas e proporcionan unha visión máis ampla do mundo da arte.

Ademais, esta iniciativa resulta beneficiosa non só para os artistas que participan nela, senón tamén para as poboacións que a organizan porque fai participes os seus habitantes, que, desta maneira, poden ver de primeira man como actúan os artistas e o resultado do seu traballo. Así, a primeira impresión que terá quen visite a exposición que acompaña o encontro é a diversidade de estilos, de técnicas e de conceptos estéticos, cun claro predominio de pintores, pero que tamén inclúe escultores. É un abano amplo no que predomina a paisaxe, aínda que se trata con liberdade de factura

ou ofrecéndonos visións con gran forza descritiva (Josep Cruañas, Antoni Marqués, Antonio Rojas Sabaleta, Lluís Roura o Antón X. Díaz - Caxoto) e cunha dimensión máis expresionista, a de María Xesús Díaz. Outro tema predominante é o da figura humana, interpretada a través do corpo da muller, con opcións máis poéticas ou misteriosas como as de Rebeca Ponte, Maica Alonso, Luís Romero, Fernando Carballa, Joan Raset, Marta Rojas, Jordi Rollán ou Alba Roqueta. E, como non podía ser doutro xeito, tamén se presentan naturezas mortas como reflexión do espazo interior ou de obxectos cotiáns que tratan Chelo Rodríguez e Joaquim Ros, e achegas abertamente abstractas como as de Veiras Mantelga, Carmen Hermo e Carles Bros. E no campo da escultura, curiosamente preséntase o traballo de Tino Canicoba e Emili Armengol, dous artistas que nas obras que mostran aluden ao mundo animal e fano con liberdade compositiva e formal. É, pois, un conxunto de visións que van desde a realidade máis literal ata a máis imaxinaria, aínda que todas elas, finalmente, non deixan de ser expresións persoais das sensacións que cada artista percibe na súa vida cotiá.

Celebremos, pois, propostas coma esta que propician un cambio de escenarios e de ideas, unha confrontación de maneiras de entender e de facer na arte que, sen dúbida, teñen un efecto estimulador tanto entre os artistas como entre o público amante da arte.



DANIEL GIRALT-MIRACLE

Crítico e historiador da arte

---